

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 344.- DBRAR		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XOB14I0MJ	XOB/24/2018	12-03-20 13:20

EXPEDIENTE: **REPARACIÓN DO MURO ENTRE AS RÚAS PARÍS E LUXEMBURGO EN FONTIÑAS**

ASUNTO: **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN**

TIPO DE CONTRATO: **OBRAS**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO (SIMPLIFICADO)**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

- Centro Xestor proponente: CX-09
- Persoa responsable do seguimento: Antonio Ranedo Santillana

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a contratación das obras recollidas no "PROXECTO DE REPARACIÓN DO MURO ENTRE AS RÚAS PARÍS E LUXEMBURGO EN FONTIÑAS ", aprobado na sesión de Xunta de Goberno de 21 de decembro de 2018.

3. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Establecese un procedemento de licitación ABERTO SIMPLIFICADO.

4. DIVISIÓN POR LOTES

- SI:
- NON:

Propónse un contrato único sen lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Por outra banda, a división en lotes, ou a execución do servizo plantexado por unha pluralidade de contratistas diferentes do obxecto do contrato, implicaría a necesidade de ter que coordinar a execución das diferentes prestacións con diferentes contratistas, o cal, dada a súa complexidade, implicaría poñer en risco a finalidade do que se pretende contratar.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Actualmente, parte do muro de contención que rodea o edificio sito na Rúa de Moscova nº 10, no barrio de Fontiñas da cidade de Santiago de Compostela, se encontra parcialmente abombado e tivo que ser apuntalado para evitar o seu posible desplome. En concreto, o abombamiento ocorre na parte final do tramo de muro paralelo á fachada oeste do edificio (Rúa de París) e en todo o tramo de muro paralelo á fachada sur (Rúa de Praga).

Además, a patoloxía detectada es probablemente a responsable dos problemas de subsidencia que aparecen na zona peonil axardinada situada ao longo da fachada leste do edificio (Rúa de Luxemburgo), debido ao lavado do recheo que soporta o pavimento.

Mediante as obras proxectadas, se levará a cabo unha actuación de estabilización do muro para evitar que progrese a patoloxía que presenta e, en consecuencia, o seu derrumbe co tempo.

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 344.- DBRAR		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XOB14I0MJ	XOB/24/2018	12-03-20 13:20

Para resolver o problema de apoamentos da zona peonil axardinada situada ao longo da fachada leste do edificio (Rúa de Luxemburgo), se proxecta a demolición do pavimento da beirarrúa central da zona, repoñéndoo posteriormente cunha nova configuración de pendentes lonxitudinais e transversais e executando así mesmo na zona peonil unha nova rede de recollida e evacuación de augas pluviais.

6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA/CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

De acordo co establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e no RD 1098/2001 "Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas", non é preceptiva a esixencia de clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €. En todo caso, aos efectos de acreditación de solvencia propónse supletoriamente algunha das seguintes: B-2-3 ou C-2-3.

7. NOMENCLATURA (CPV)

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 266.972,73 € (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.)

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

A aplicación orzamentaria da operación é 040 17100 61900 00 - 2020 2 MUROS 16 (ANTICIPADO DE GASTO)

Existencia de cofinanciación:

- SI:
- NON:

10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 266.972,73 €
- 21% IVE 56.064,27 €
- Total **323.037,00 €**

11. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

O contrato terá un prazo global máximo de execución de catro (4) meses, a contar dende o día seguinte á sinatura da correspondente acta de comprobación do replanteo.

12. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Aboamento mensual, a partir das certificacións correspondentes.

Santiago, 10 de marzo de 2020

O xefe do Servizo de Programación e
Proxección e Proxectos e Obras

Concelleiro Delgado de Centros Socioculturais, Barrios e
Obras

Antonio Ranedo Santillana

José Javier Fernández Martínez